



iBbY INTERNATIONAL BOARD ON BOOKS FOR YOUNG PEOPLE

GL

organización española para el libro infantil y juvenil

oepli

CONSEJO GENERAL DEL LIBRO

cliJCAT Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil

Galizagorri elkarteak

galix asociación galega do libro infantil e xuvenil

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE



iBbY INTERNATIONAL BOARD ON BOOKS FOR YOUNG PEOPLE

USBBY

ROGER JARILLO

A MÚSICA DAS PALABRAS

Por Margarita Engle

Cando lemos, á nosa mente médranlle ás.
Cando escribimos, os nosos dedos cantan.

As palabras son golpes de tambor e frutas na páxina,
paxaros voadores e elefantes trompeteiros,
ríos que flúen, fervezas que caen,
bolboretas que viran
alto no ceo!

As palabras convídanos a bailar
ritmos, rimas, latexos do corazón,
cascos e bater de ás, contos antigos e novos,
fantasías e verdades.

Esteas cómodo na casa
ou atravesando veloz as fronteiras cara unha nova terra
e unha lingua estraña, as historias e poemas
pertencente.

Cando compartimos palabras, as nosas voces
vólvense música do futuro,
paz, alegría e amizade,
unha melodía
de esperanza.



Roger Mello

Roger Mello naceu en Brasília en 1965. Roger Mello, gañador do premio IBBY Hans Christian Andersen 2014, ten ilustrado máis de 100 títulos, sento tamén o autor de 25 deles. Recibiu numerosos premios en Brasil e no estranxeiro polo seu traballo como ilustrador e escritor, entre os que se contan o recoñecemento da Academia Brasileira de Letras e a Unión Brasileira de Escritores, o premio ao Mellor Libro Internacional do Ano da fundación suíza Swiss Fondation Espace Enfants en 2002 polo seu libro *Meninos do Manque*, Premio Internacional de Literatura Infantil Chen Bochui como Mellor Autor Estranxeiro en China en 2014. Ademais, o seu libro, *You Can't Be Too Careful!* foi un dos gañadores do Mildred L. Batchelder Honor de 2018 da Asociación Estadounidense de Bibliotecas.

Roger realizou exposicións individuais do seu traballo en China, Colombia, Francia, Alemaña, Italia, Xapón, México, Perú, Rusia, Corea o Sur e Taiwán. Participou en innumerables exposicións compartidas, feiras internacionais do libro e celebracións conmemorativas por todo o mundo. Os seus libros están publicados en Arxentina, Bélxica, China, Colombia, Dinamarca, Francia, Irán, Xapón, México, Países Baixos, Corea do Sur, Suecia, Suíza, Taiwán e Estados Unidos, e foron traducidos a 15 idiomas.



Margarita Engle

Margarita Engle é autora cubano-americana de libros de versos como *The Surrender Tree*, *Enchanted Air*, *Forest World* e *Drum Dream Girl*. Os seus numerosos premios inclúen o NSK Neustadt Prize de Literatura Infantil 2019, os Premios de Honor Pura Belpré 2011, 2012 e 2015, un Walter Award Honor en 2018, o Américas Award de 2015, un Premio ao Libro Infantil Jane Addams e varios Premios de Honra Internacionais do Libro Latino. Tamén foi galardoada cos premios

Charlotte Zolotow, PEN USA, Golden Kite, Green Earth, Lee Bennet Hopkins, Arnold Adoff Poetry Award e Claudia Lewis Awards.

Margarita foi denominada Young People's Poet Laureate 2017-2019. Entre os seus libros máis recentes aparecen *With a Star in My Hand*, *Dreams From Many Rivers* e *Dancing Hands*. Proximamente veremos os títulos *Your Heart*, *My Sky* e *A Song of Frutas*.

Margarita naceu en Os Ánxeles, mais sente un profundo apego con respecto á terra natal da súa nai, que foi desenvolvendo nos veráns da súa infancia que pasou coa súa familia na illa. Estudou agronomía e botánica, amais de escrita creativa. Agora vive no centro de California co seu home.